

FEMININO E SINGULAR

Texto: RAMÓN LOUREIRO. Foto: JOSÉ PARDO

María Naveiras, centenaria

Naceu no século XIX, e dentro duns días cumprirá 105 anos. Chámase María Naveiras, e segue onde estivo sempre: nesas terras nas que se fai río o Xuvia, ao pé daquel Pico de Ferreira no que o santo deixou a súa

figura gravada nunha pedra cando se deitou a durmir. Vive no val onde as voces dos que xa marcharon aínda se escoitan, onde as ánimas levan e traen máis dun recado. Nesa Galicia, xa saben, que parece invisible, porque para

vela hai que querer mirar. E aí anda ela, con eses ollos que foron azuis e hoxe gardan dentro todas as cores do mundo. Un pónlle aquí «centenaria» por poñer algo, porque é moitas cousas xuntas. María é unha nación.

«¿E non haberá nada...?»



MARÍA NAVEIRAS (San Sadurniño). Se non se marease tanto no coche, volvería de boa gana ao Santo Andrés de Teixido (ela chámalle «Sanandresiño»). Sabíalle moito o chocolate, pero agora quitoullo o médico. As súas cancións preferidas son as de Manolo Escobar. Sorrí todo o día. Garda coma un tesouro as fotos da visita que lle fixo Manuel Fraga. E gústalle moito que lle falen, que a vaian ver.

Ata os 101 anos partía a machado a leña para o lume, pero agora non: vaina coller, e nada máis. «¡Os anos aínda non se rin de min...!», bromea María se alguén da casa lle di que xa non se move coa axilidade de antes; pero a súa idade é a que é, e en algo se ten que notar. Ultimamente anda cun bastón. Iso si, traballadora segue sendo moito, igual que foi sempre. Non para en todo o día: pela patacas, vai ver se medran o millo e o trigo nos terreos, mira pola horta e polos prados... E sobre todo leva conta de que non pasen pena ningunha os animais, que a queren tanto como ela lles quere, e que a entenden cando lles vai falar.

—Había un señor de Mondoñedo, chamábanlle don Álvaro, que cando andaba por aquí, prefo das brétemas que saen do río, sempre se lle aparecía xente feita de aire. ¿Vostede nunca viu ningunha persoa desas? Porque eu habíalle facer unha foto de boa gana...

—Non, desa xente eu nunca vin. Antes dis que andaba moito por aquí a Santa Compañía, iso contaban, pero eu, ver, non a vin nunca. Tamén se sentía falar moi-

to dos avisos, que se escoitaban cando ía morrer unha persoa. Se ouveaba un can dicían «vai morrer algún de acolá, porque para acolá é para onde ouvea», pero non sei. Agora que, iso si, hai algunha cousa... Porque aquilo vino eu, ¿eh...?

—¿O que?

—Que un día estabamos nunha casa dun matrimonio que non tiña fillos. A señora puxérase a morrer. Entón entraron tres pegas e botáronse a andar polo corredor, que era de madeira. E veña a andar por alí: chás-chás-chás. Vino eu ¿eh? Estaba eu alí. E o señor díxolle á muller: «¡Ai, Vicentiña, quen te vén chamar!». Pero ela xa non o sentiu, porque estaba nas últimas. E morreu, si. Tamén noutra ocasión, cando nós quedamos sen padres, que morreron con oito días de diferenza, antes sentimos un peto moi forte. Bateuse a porta cun golpe tremendo. Mi padre e máis mi madre enfermaron e case morreron xuntos. En fin... E outra vez, ¿sabes que?, mercamos unha vaca e...

—¿Que lle pasou?

—Pois pasou que a fomos comprar á feira, que máis que comprarla é que nola puxeran, porque

nós non tiñamos cartos, e cando a trouxemos comía moi ben. Botámola no prado e pacía de marabilla. Pero entón pasou unha muller e díxonos «¡Ai, moi bonita é esa vaca!», e de alí a pouco deixou de comer e morreu.

—¿E daquela...?

—Daquela nós á muller non lle dixemos nada, pero deixamos de falarlle. Entre nós dicíamos «aí vai a meiga, por alá abaixo». E ela poñíanos os cornos así, coa man...

—Pero vostede, ademais, veu sacar o mal ollo moitas veces, segundo me contaron...

—¡Moitas...!

—¿Como facían?

—Pois poñíanlle ao animal unha boina encima...

—¿E quitábanse os feitosos así, cunha boina?

—¡Quitábanos afeito!

—¿E á xente?

—As persoas si que non llelo vin quitar nunca.

—¿Como era o mundo cando vostede era nena?

—Era mal. Non había nin qué comer, nin qué vestir, nin qué calzar. Comíamos en cuncas de pao. Nós fomos once irmáns, e había matrimonios que tiñan vinte pe-

quenos, pero morrían case todos. A algúns non lles quedaba máis que un meniño. Os outros non lles chegaban nin ao ano. Éranche tempos moi malos. Agora todo está moito mellor. ¿Sabes que me veu ver Fraga?

—Sei.

—Pensaba para min: a ver cómo lle hei dicir. E aínda non cría que viñese, ¿eh? Pero veu. Eu recelaba porque non sabía cómo había facer nin qué lle había falar, pero veu á nosa casa e estimeille moito que estivese. É de moi bo trato. Téñome preguntado se non será algo parente dun Fraga que había aquí que tocaba a frauta... ¿Non será? ¡Quen cho sabe...!

—Dixéronme que vostede tamén é moi devota da Virxe da O, da de Pedroso.

—Son. E mira: nós tivemos unha vaca que enfermou. Caeu no prado e non se daba levantado. Eu díxenlle: érguete, Mourina, érguete, e ofrecina á Virxe da O. E a vaca levantouse. Así que lles dixen en casa: habédesme levar á O, para pagarlle unha vaquiña de cera ao funcionario que estea alí. Porque a vaca, sanar, sanou. Daquela, algo ten que haber. Por iso digo eu: ¿e non haberá nada...?

«Eu querería que todo o mundo tivese saúde, sorte e de comer»

Di que cando gardaba forzas para iso terfalle gustado ir visitar a familia que lle marchou fóra (a Bos Aires e a Montevideo). Pero daquela, mentres lle vivían, non puido ir alá. E agora lémbrase deles, e reza pola súa alma as oracións que aínda acorda, porque o rosario —conta María— xa o esqueceu. A ela, que sempre ten un sorriso para quen lle fala, pónsenlle os ollos tristes cando se acorda dos seus difuntos, sobre todo do seu fillo. A vida non lle regalou nada. Ela, en cambio, é un regalo para os demais.

—Pasouno mal...

—Mira, nunca pasamos fame nin de papas nin de caldo, ¡pero do demais...! Ata o leite había que gardalo para facer os queixos que se vendían. E os ovos. E as cereixas... ¡a todo para a feira. Nós comíamos as castañas.

—¿E a que feiras ía?

—Ao Vintetrés, que era en Moeche, ao Dezasete de San Sadurniño, e á da Toca. Pero tamén teño chegado ata Ferrol cun carro de leña. Aquilo éranche moi triste. Casábase unha parella e aínda non tiña nin para onde ir.

—¿Lembra a guerra?

—Acórdome de que houbo unha. Volvían os mozos e a un faltáballe unha man, a outro unha perna. Había un homiño que non puido camiñar máis. Daba medo. Lémbrome desa guerra. ¿Onde foi...?

—¿E da súa escola, acórdase?

—Acórdome de que iamos de noite, porque polo día tiñamos que traballar. Aprendín a facer unha carta e a lela.

—Se puidese conceder un desexo...

—Eu querría que todo o mundo tivese saúde, sorte e de comer.